

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

19647 *Real decreto 1592/2010, do 26 de novembro, polo que se modifica parcialmente o Estatuto xeral do Colexio Oficial Nacional de Prácticos de Porto, aprobado polo Real decreto 797/2005, do 1 de xullo.*

O Colexio Oficial Nacional de Prácticos de Porto acordou, na súa asemblea xeral do 6 de xuño de 2006, introducir un cambio no Estatuto xeral do colexio, no sentido de modificar o artigo 16 do estatuto, referente á ordenación do exercicio profesional, engadindo unha nova función, relativa ao visado das certificacións de compensación das agullas náuticas e calquera outra que recolla ou poida recoller o ordenamento xurídico.

Esta modificación estatutaria foi aprobada polo Goberno da Nación mediante o Real decreto 639/2007, do 18 de maio, polo que se modifica o Estatuto xeral do Colexio Oficial Nacional de Prácticos de Porto, aprobado polo Real decreto 797/2005, do 1 de xullo.

Este real decreto foi obxecto de impugnación ante o Tribunal Supremo polo Colexio de Oficiais da Mariña Mercante Española, no recurso contencioso-administrativo 146/07.

O Tribunal Supremo estimou o recurso interposto contra o artigo único do Real decreto 639/2007, e declarou a nulidade do inciso do artigo 16, letra k), referido á «compensación das agullas náuticas», mediante a sentenza do 2 de febreiro de 2010.

Este real decreto suple o baleiro normativo producido pola mencionada sentenza, modificando o contido da letra k) do artigo 16 do estatuto no sentido fixado polo Tribunal Supremo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de novembro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Estatuto xeral do Colexio Oficial Nacional de Prácticos de Porto, aprobado polo Real decreto 797/2005, do 1 de xullo.*

A letra k) do artigo 16 do Estatuto xeral do Colexio Oficial Nacional de Prácticos de Porto quedará redactada do seguinte modo:

«k) Visar os traballos profesionais, nos termos establecidos no artigo 13 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais e na súa normativa de desenvolvemento.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 639/2007, do 18 de maio, polo que se modifica o Estatuto xeral do Colexio Oficial Nacional de Prácticos de Porto, aprobado polo Real decreto 797/2005, do 1 de xullo.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de novembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,
JOSÉ BLANCO LÓPEZ